

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES  
CURSO: 4º EP  
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA  
DATA: 11 – 05 -2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	CCL CMCCT CD
	CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	CAA CMCCT CD
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento	CNB2.1.1 Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo	CMCCT
	CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	CCL CMCCT
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde	CMCCT
	CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripes, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	CMCCT
B2.3. Diseñar un menú equilibrado para a súa idade	CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais	CMCCT
B3.1. Identificar plantas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais.	CNB3.1.2. Identifica as características básicas das plantas do seu contorno.	CMCCT

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades.</li> <li>- Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise das actividades e dos traballos realizados.</li> <li>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible)..</li> </ul> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.  Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>En relación á 3ª avaliación e a avaliación final</b>, o noso centro parte das seguintes premisas:</p> <p><b><u>3ª Avaliación</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.</li> <li>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.</li> </ul> <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<u>Alumnado coa media suspensa</u>: Poderá <b>optar</b> ao aprobado na área presentando as tarefas requiridas polo profesorado.</li> <li>-<u>Alumnado coa media aprobada</u>: Poderá <b>optar</b> a mellorar a cualificación presentando as tarefas requiridas polo profesorado.</li> </ul> <p><b><u>Avaliación final</u></b></p> <p>A cualificación final será a media das tres avaliacións.</p> <p>O profesorado fará un seguimento e avaliación das tarefas deste trimestre co fin de preparar o informe individual de cada alumno e alumna. Esta avaliación terá carácter diagnóstico.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa..</li> <li>- Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.</li> <li>- Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso</li> <li>- Clasificar e diferenciar alimentos en función dos nutrientes principais.</li> <li>-Identificar e recoñecer as características principais das plantas do seu contorno.</li> </ul>

	<p><u>Crterios de cualificación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.</li> <li>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva.</li> <li>- De non acadar unha cualificación positiva coas actividades de recuperación propostas, poderáselle realizar unha proba obxectiva en reunión virtual ou presencial (se fose posible).</li> </ul>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise de producións e traballos.</li> <li>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).</li> <li>- Uso de TIC (sempre que sexa posible).</li> </ul> <p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e traballos realizados</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades online de autocorrección para repaso, recuperación, reforzo e ampliación (se cómpre).</li> <li>- Actividades de investigación, lectura, creación.... para repaso e ampliación.</li> <li>- Actividades de repaso, reforzo e ampliación (cando cumpra) con libros de texto e fichas, como: lectura de diferentes tipos de textos, propostas de comprensión, completar oracións, relacionar diferentes aspectos, emparellar, buscar datos, formulación de preguntas, visionado de vídeos, redacción de textos coas partes correspondentes...</li> <li>- Actividades de recuperación relacionadas cos contidos traballados no 1º e 2º trimestres, como poden ser: lectura de textos, exercicios de completar, contestar preguntas, elaborar pequenos textos, contestar cuestionarios...</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.</p> <p>As videoconferencias non son unha opción para a docencia, pero si unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través da páxina web do centro principalmente, empregando tamén outros medios cando este non é posible (correo electrónico e teléfono).</p> <p>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.</p> <p><u>Con conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.</li> <li>- Lectura de textos relacionados co currículo.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando materiais como libros de texto e fichas.</li> </ul> <p><u>Sen conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>- Lectura de textos relacionados co currículo.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios (utilizando materiais como libros de texto e fichas).</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros de texto</li> <li>- Fichas de reforzo e ampliación</li> <li>- Recursos TIC, páxina web do centro, correo electrónico, reunións virtuais e Abalar.</li> <li>- Teléfono en casos necesarios</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de mensaxe por Abalar e/ou correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.